



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Abril 2024




Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Abril 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en abril de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior unha taxa do 2,0% e no conxunto de España do 2,7%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 2,0% e no Resto de produtos un 3,2%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas agás en Illes Balears.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 5,4% en Galicia no mes de abril de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 5,8%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,1% en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en trece comunidades autónomas no mes de abril.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Abril 2024


Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	96,4	2,0	1,5
	Xeral sen estacións de servizo	95,5	2,1	1,3
	Alimentación	92,5	2,0	1,8
	Resto	101,0	3,2	2,0

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra unha taxa do 2,0% en Galicia en abril de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 2,7% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 2,1% en Galicia e un 2,8% en España respecto a abril de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta a facturación en Galicia un 2,0%, máis que no conxunto de España, 1,1%.
- O Resto de produtos aumenta un 3,2% en Galicia, dous puntos menos que no conxunto do Estado, 5,2%.



Nos catro primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,5% en Galicia e un 2,0% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (1,8% en Galicia e 1,9% en España) como no Resto de produtos (2,0% en Galicia e 3,3% en España).


2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas agás en Illes Balears (-1,3%). Os maiores incrementos rexístranse en Andalucía (5,7%), País Vasco (5,4%) e Canarias (5,2%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Madrid (-0,2%). As taxas máis altas preséntanse en Canarias (4,5%), Cantabria (4,4%) e Andalucía (4,3%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2024

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 5,4% en Galicia no mes de abril de 2024, e un 5,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 5,4% en Galicia e do 5,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 7,4% e no Resto de produtos un 3,9%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 5,9% nas vendas en Alimentación e do 5,6% no Resto de produtos.

No catro primeiros meses do ano, o índice medra un 4,7% en Galicia e un 5,1% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 7,5% en Galicia e un 7,2% en España. As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (4,0%) que en Galicia (3,0%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,1% no mes de abril en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación mantense estable en Galicia (0,0%) e aumenta en España (2,0%).

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en abril en trece comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (5,0%) e Andalucía (3,4%). As comunidades con maior diminución do persoal ocupado son La Rioja (-1,3%) e Aragón (-0,8%).

Índice xeral de ocupación. Abril 2024

Taxas de variación en %



Nos catro primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Madrid (5,4%) e Andalucía (3,0%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado La Rioja (-1,3%) e Extremadura (-0,7%).

Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	116,7	5,4	4,7	96,4	2,0	1,5
Xeral sen estacións de servizo	115,7	5,4	5,0	95,5	2,1	1,3
Alimentación	119,7	7,4	7,5	92,5	2,0	1,8
Resto	112,7	3,9	3,0	101,0	3,2	2,0
España						
Xeral	123,0	5,8	5,1	101,7	2,7	2,0
Xeral sen estacións de servizo	121,9	5,7	5,4	100,9	2,8	2,0
Alimentación	125,0	5,9	7,2	96,9	1,1	1,9
Resto	119,4	5,6	4,0	108,4	5,2	3,3

Fonte:INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	121,8	3,9	3,6	101,3	0,3	0,2
Xeral sen estacións de servizo	121,0	3,4	3,7	100,4	0,3	0,2
Alimentación	123,6	5,9	6,3	95,3	1,0	0,7
Resto	118,9	1,9	2,2	107,4	0,7	1,2
España						
Xeral	127,2	3,7	4,2	105,7	0,3	0,9
Xeral sen estacións de servizo	126,1	3,7	4,5	105,3	0,2	1,0
Alimentación	129,2	5,2	6,1	100,6	0,1	0,4
Resto	123,7	2,0	2,9	112,9	1,1	2,3

Fonte:INE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	123,0	5,8	5,1	101,7	2,7	2,0
Andalucía	126,6	8,6	7,4	104,5	5,7	4,3
Aragón	116,4	5,9	4,4	95,9	2,7	1,4
Asturias	117,0	4,7	3,9	96,7	2,0	1,4
Balears, Illes	132,0	1,9	3,0	109,5	-1,3	0,1
Canarias	135,4	8,1	7,8	112,7	5,2	4,5
Cantabria	120,3	6,3	7,6	99,6	3,3	4,4
Castilla y León	118,1	3,6	3,5	96,6	0,3	0,3
Castilla-La Mancha	122,3	8,0	6,3	99,1	4,5	2,9
Cataluña	120,0	5,6	5,5	99,7	2,4	2,2
Comunitat Valenciana	122,1	4,3	5,2	101,5	1,5	2,2
Extremadura	120,4	3,8	4,6	99,0	0,5	1,5
GALICIA	116,7	5,4	4,7	96,4	2,0	1,5
Madrid	126,7	3,7	2,9	105,6	0,7	-0,2
Murcia, Región de	117,3	5,3	3,2	96,7	2,6	0,4
Navarra	119,8	7,7	6,3	98,1	4,3	3,1
País Vasco	116,8	9,0	5,0	96,5	5,4	1,6
Rioja, La	118,5	4,4	4,3	97,2	1,1	0,8
Ceuta	119,0	7,2	4,3	97,6	3,0	0,6
Melilla	112,1	6,8	5,7	91,9	4,6	3,1

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Abril 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,6	0,1	0,0
Xeral sen estacións de servizo	102,4	0,0	-0,1
España			
Xeral	104,4	1,8	2,0
Xeral sen estacións de servizo	104,4	1,8	2,0

Fonte:INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Abril 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,4	1,8	2,0
Andalucía	106,9	3,4	3,0
Aragón	100,1	-0,8	0,4
Asturias	98,5	0,7	0,9
Baleares, Illes	111,1	1,5	2,5
Canarias	109,0	2,0	2,4
Cantabria	101,5	0,0	0,7
Castilla y León	101,6	0,5	0,5
Castilla-La Mancha	105,0	1,8	1,7
Cataluña	101,5	0,2	0,7
Comunitat Valenciana	104,4	1,3	1,9
Extremadura	103,6	-0,4	-0,7
GALICIA	102,6	0,1	0,0
Madrid	107,5	5,0	5,4
Murcia	99,2	0,2	0,3
Navarra	101,9	0,5	0,3
País Vasco	102,5	0,1	0,3
Rioja, La	100,4	-1,3	-1,3
Ceuta	99,2	1,6	0,5
Melilla	99,2	-2,4	-0,9

Fonte: INE